

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A COMISIÓN DE INTERCAMBIO CULTURAL, EDUCATIVO E CIENTÍFICO ENTRE ESPAÑA E OS ESTADOS UNIDOS DE AMÉRICA PARA O PROGRAMA DE BOLSAS XUNTA DE GALICIA-FULBRIGHT**

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2023

### **COMPARECEN**

Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (en diante, a Consellería), nomeado mediante o Decreto 60/2022, do 15 de maio (DOG núm. 94 do 16.05.2022), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

María Jesús Lorenzana Somoza, conselleira de Economía, Industria e Innovación e presidenta da Axencia Galega de Innovación, nomeada mediante o Decreto 67/2023, do 14 de xuño (DOG núm. 113 do 15.06.2023), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia de 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

Santiago Herrero Amigo, director de Relacións Culturais e Científicas da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación e Jon Piechowski, conselleiro da Diplomacia Pública da Embaixada dos Estados Unidos en España, como Copresidentes da Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos de América (no sucesivo, a Comisión Fulbright).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das facultades que teñen conferidas e

## EXPOÑEN

**PRIMEIRO.-** A Secretaría Xeral de Universidades é o órgano superior da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanzas universitarias correspondentes á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, atribuídas polo artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia. A Secretaría Xeral de Universidades, de acordo coas competencias que lle atribúe o Decreto 119/2022, do 23 de xuño (DOG núm. 126, do 4 de xullo), de estrutura orgánica da Consellería, debe velar pola promoción e xestión eficiente e integradora dos recursos e capacidades de investigación do Sistema universitario de Galicia (SUG) para a súa posta en valor no marco do sistema de innovación, e, particularmente, a promoción da coordinación das universidades galegas no establecemento de programas, infraestruturas e actuacións en materia de investigación.

A Consellería considera prioritario fomentar a mobilidade, a cooperación e a internacionalización das persoas investigadoras, co obxectivo, entre outros, de incrementar a formación do persoal investigador de Galicia no estranxeiro e impulsar a internacionalización da investigación galega, co fin de mellorar a súa cantidade e calidade.

**SEGUNDO.-** A Axencia Galega de Innovación é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos (modificado polo Decreto 15/2014, do 6 de febreiro, e polo Decreto 125/2016, do 1 de setembro).

A Axencia Galega de Innovación está adscrita á Consellería de Economía, Industria e Innovación e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis.

Os estatutos da Axencia Galega de Innovación atribúenlle, entre outras funcións, a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19 do Estatuto de autonomía de Galicia.

**TERCEIRO.-** A Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos de América (en adiante, a Comisión Fulbright) estableceuse en España

en 1958 por acordo executivo entre os dous países. Dende entón se coñece como Comisión Fulbright polas bolsas que administra. O acordo renovouse en 1994 ampliando os obxectivos da Comisión orixinal e subliñando a súa independencia.

A Comisión está formada por representantes dos dous países e copresidida por un alto cargo do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación e outro da Embaixada dos Estados Unidos en España.

**CUARTO.-** As universidades que integran o SUG, os organismos públicos de investigación e as outras entidades do Sistema de I+D+i galego, xunto á súa misión docente, realizan actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico que as configura como un dos principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia.

O impulso da actividade investigadora é un obxectivo irrenunciable para calquera sociedade e por isto é necesario fomentar una maior integración entre os centros de investigación e os sectores produtivos, incidir na cultura de calidade e eficacia na utilización de infraestruturas e de capital humano que permitan una mellora significativa na totalidade dos sectores produtivos e, a súa vez, a potenciación dunha universidade galega de calidade e demais entidades que conforman o I+D+i galego.

**QUINTO.-** A Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2021-2027 (RIS3), aprobada polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 8 de abril de 2022, define o marco para as políticas de investigación e innovación en Galicia para o período 2021-2027 e prevé, entre os seus instrumentos de desenvolvemento, o Programa Persoas: xerar, reter e atraer o talento en igualdade, que entre as súas liñas de actuación prevé a promoción da mobilidade vinculada á I+D+i a nivel rexional, estatal e internacional.

Así mesmo, a atracción de talento a Galicia tamén supón unha mellora da calidade das actividades de investigación que se desenvolven. É moi relevante que as universidades, as empresas e os centros de investigación de Galicia sexan polos de atracción para o persoal investigador posdoutoral de todo o mundo que fagan a investigación avanzada e competitiva.

**SEXTO.-** O Programa Fulbright é o programa de intercambio educativo insignia do Goberno dos Estados Unidos e prevé aos seus participantes, escollidos polos seus méritos académicos e potencial de liderado, da oportunidade de estudar, ensinar, investigar e intercambiar ideas.

**SÉTIMO.-** A Comisión Fulbright, como entidade colaboradora, de acordo co establecido nos artigos 9 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, pon a disposición da Consellería e da Axencia Galega de Innovación a experiencia na xestión de

programas de bolsas e axudas e o persoal necesario para o desenvolvemento e seguimento destas.

**OITAVO.-** Que, ao abeiro dos artigos I (A) e III (1 e 12) do Acordo do Reino de España e os Estados Unidos de América en materia de cooperación educativa, cultural e científica do 27 de outubro de 1994 (publicado no BOE núm. 119, do 19 de maio de 1995), e conscientes as partes asinantes da importancia da colaboración para contribuír ao impulso constante da excelencia científica, se propoñen cooperar na promoción do persoal investigador vinculado aos programas de investigación da Consellería e da Axencia Galega de Innovación.

De acordo co exposto anteriormente, as partes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA. Obxecto do convenio**

Este convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre a Consellería, a Axencia Galega de Innovación e a Comisión Fulbright para a prestación de servizos complementarios destinados ás persoas beneficiarias das estadias Fulbright incluídas no programa de formación do persoal investigador en réxime de contrato posdoutoral da Xunta de Galicia. Están destinadas a persoas investigadoras das universidades galegas, dos organismos públicos de investigación de Galicia e doutras entidades do Sistema de I+D+i galego, interesadas en completar a súa formación nunha universidade ou nun centro de investigación dos Estados Unidos.

### **SEGUNDA.- Ámbito de aplicación**

Este Convenio será de aplicación ás actuacións derivadas das sucesivas convocatorias de apoio á etapa de formación posdoutoral, conxuntas da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Consellería de Economía, Industria e Innovación, a través da Axencia Galega de Innovación, con axudas concedidas con bolsa Fulbright que desenvolvan as súas estadias de investigación nos Estados Unidos entre os anos 2023 e 2026.

A Consellería e a Axencia Galega de Innovación estableceron e establecerán, as bases das citadas convocatorias de acordo coas normas aceptadas universalmente para o

programa Fulbright, a normativa estadounidense en xeral e aquelas outras que sexan de aplicación á administración da Xunta de Galicia.

As ditas bases foron ou serán publicadas no *Diario Oficial de Galicia*, dentro das convocatorias mencionadas nesta cláusula.

### TERCEIRA. Financiamento

A dotación da Consellería para este convenio procede do Plan galego de financiamento universitario para o período 2022-2026, por un importe total de 468.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 10.03.561B.781.0 (código de proxecto 2016 00129) dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia para los exercicios 2023, 2024, 2025 e 2026.

A dotación da Axencia Galega de Innovación para este convenio é de 90.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 05.A2.561A.781.0 (código de proxecto 2015/00016) dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia para los exercicios 2023, 2024, 2025 e 2026.

A achega da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Axencia Galega de Innovación será de 6.000,00 euros por cada ano de contrato durante o período de estadía nos Estados Unidos (zona 3).

A Comisión Fulbright recibirá polos servizos complementarios prestados como entidade colaboradora unha contía de 6.000,00 euros para cada un dos contratos, ata un máximo para cada convocatoria de 10 persoas investigadoras para a Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e de 2 para a Axencia Galega de Innovación durante as anualidades de 2023, 2024, 2025 e 2026 conforme á seguinte táboa:

	2023	2024	2025	2026	Total
<b>SXU</b>	108.000,00	120.000,00	120.000,00	120.000,00	468.000,00
<b>Axencia Galega de Innovación</b>	18.000,00	24.000,00	24.000,00	24.000,00	90.000,00
<b>Total convenio</b>	<b>126.000,00</b>	<b>144.000,00</b>	<b>144.000,00</b>	<b>144.000,00</b>	<b>558.000,00</b>

O importe total anual estará en función do número de persoas bolseiras Fulbright seleccionadas que desenvolvan as estadías nos Estados Unidos. O número de persoas bolseiras Fulbright por cada unha das convocatorias non poderá ser superior a 10 para a Secretaría Xeral de Universidades e a 2 para a Axencia Galega de Innovación.

Por mor das características das bases destas convocatorias e da posibilidade de desenvolver estadias en calquera das anualidades da axuda, poderán coincidir nunha mesma anualidade un número maior de persoas investigadoras de varias convocatorias que a prevista inicialmente. Por este motivo, de acordo co artigo 26.3 do Decreto 11/2009 , do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevese a posibilidade de modificar a distribución das contías indicadas no cadro anterior, supeditándoa unicamente á tramitación do correspondente reaxuste de anualidades no expediente de gasto.

#### **CUARTA.- Compromisos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Axencia Galega de Innovación**

No marco do presente convenio, correspóndelle á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través da Secretaría Xeral de Universidades, e á Consellería de Economía, Industria e Innovación, a través da Axencia Galega de Innovación:

1. Elaborar as correspondentes convocatorias, tendo en conta a conformidade da Comisión.
2. Concretar os procedementos establecidos nas convocatorias, tendo en conta as características e necesidades da convocatoria, designando os órganos, comisións ou expertos que estime necesarios para realizar as actuacións de seguimento e comprobación da aplicación das axudas, así como solicitar a información complementaria que se considere en cada caso sobre o cumprimento dos obxectivos das axudas. Se incluírá, así mesmo, un representante da Comisión Fulbright na Comisión de selección das axudas da correspondente convocatoria.
3. Aboar á Comisión Fulbright os importes que corresponden como compensación económica pola colaboración prestada na súa condición de entidade colaboradora coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e coa Axencia Galega de Innovación.
4. Comunicar á Comisión Fulbright a resolución de concesión das axudas, así como a información relativa ás ditas concesións.
5. Comunicar á Comisión Fulbright a autorización ou denegación de calquera modificación das condicións da axuda, e calquera outra incidencia.

#### **QUINTA.- Compromisos da Comisión Fulbright**

Á Comisión Fulbright, que actúa en nome e por conta da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Axencia Galega de Innovación como órganos concedentes de bolsas e subvencións, correspóndelle:

1. Asumir a condición de entidade colaboradora nos termos establecidos no artigo 9 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para todas as persoas beneficiarias ás que sexan concedidas bolsas incluídas no ámbito de aplicación do presente convenio.
2. Así mesmo, e polas características concretas do Programa, a Comisión comprométese a prestar os seguintes servizos: xestión de visados; apoio, xestión e asesoría durante a estadía nos Estados Unidos; participación das persoas beneficiarias en seminarios, actividades científicas e culturais que se organicen en nome e polo Programa Fulbright; seguro médico con cobertura de enfermidade e accidentes; e formar parte da rede de antigos alumnos e alumnas Fulbright do *U.S. Department of State*.
3. As subvencións concedidas pola Xunta de Galicia, obxecto do presente Convenio, deberán ser destinadas unicamente ao fin outorgado.
4. Incluír nos documentos que se formalicen na aplicación do punto anterior, a referencia ao financiamento destes por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Axencia Galega de Innovación. Igualmente velará para que nas publicacións e outros resultados aos que poidan dar lugar os traballos das investigacións realizadas ao abeiro dos programas acollidos ao presente convenio, se faga referencia ao dito financiamento.
5. Solicitar ás persoas beneficiarias a xustificación requirida na convocatoria tanto para acreditar a súa incorporación como durante a estadía e ao rematar esta, así como calquera documento necesario para poder levar a cabo o seguimento científico-técnico, facilitando a oportuna documentación e información aos centros directivos responsables dos programas, de conformidade co establecido nas respectivas convocatorias.
6. Cumprir os requisitos recollidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como facilitar a información requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e polo Consello de Contas.

#### **SIXTA.- Xustificación**

Para os correspondentes pagamentos, de acordo co estipulado na cláusula terceira, a Comisión Fulbright remitirá á Secretaría Xeral de Universidades ou á Axencia Galega de

Innovación, segundo corresponda, antes do 20 de novembro de cada ano de vixencia do convenio, a seguinte documentación:

- a) Certificación na que se acredite a vinculación da persoa investigadora co centro de investigación ou a universidade dos Estados Unidos na que se desenvolve a súa formación.
- b) Certificación emitida polo órgano que teña atribuídas as facultades de control económico, que acredite o cumprimento da finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle de realización de gastos que son obxecto de financiamento deste.
- c) Unha memoria explicativa das actividades levadas a cabo con cargo aos fondos recibidos, debidamente asinada pola persoa responsable que teña atribuída esta función.

#### **SÉTIMA.- Responsabilidade**

A subscrición deste convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os e as profesionais que desenvolvan actividades e a Consellería e a Axencia Galega de Innovación, de tal forma que non se poderá esixir ningunha responsabilidade, indirecta ni subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

#### **OITAVA.- Comisión de seguimento**

Para o seguimento do convenio ou de calquera outra cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos, se crea unha comisión de seguimento integrada por:

- Unha persoa da Secretaría Xeral de Universidades, que asumirá a Presidencia.
- Unha persoa da Axencia Galega de Innovación.
- Dúas persoas designadas pola Comisión Fulbright.

Esta comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, si o considera oportuno, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

Sen embargo, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación de

posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola Consellería e pola Axencia Galega de Innovación.

#### **NOVENA.- Vixencia do convenio**

Este convenio entrará en vigor no día da súa sinatura, e terá vixencia ata o 30 de decembro de 2026.

Poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por renuncia dalgunha delas ou por denuncia deste por incumprimento, o que se comunicará fidedignamente, previa audiencia e con un mínimo dun mes de antelación. En calquera destes casos, procederáse á revogación da axuda, así como ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e á esixencia de intereses de mora nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo o previsto no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en calquera momento antes da finalización deste convenio, as persoas asinantes deste poderán acordar unanimemente a súa prórroga ou a súa extinción.

#### **DÉCIMA.- Natureza do convenio.**

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos se rexerán polo establecido nas súas cláusulas. Quedará suxeito ao disposto polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991.

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este convenio ten un interese público, xa que de conformidade co previsto nos artigos 53 e 54 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia (DOG núm. 125, do 3 de xullo) corresponde á Xunta de Galicia, a través da Consellería, coordinar as universidades do SUG para conseguir mellorar a calidade da docencia, a investigación e a xestión universitarias, a promoción, a adaptación ás demandas e necesidades da sociedade e a realización de actividades e estudos conxuntos no ámbito da docencia, investigación, innovación, xestión, difusión cultural e extensión universitaria.

Segundo o establecido na comunicación da Comisión Europea sobre o Marco sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (DOUE C 414/1, do 28.10.2022), a subvención contemplada neste convenio non constitúe axuda de Estado nos termos do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ao tratarse de axudas dirixidas á realización de actividades de I+D+i de carácter non económico, por parte das universidades públicas e dos organismos de investigación sen ánimo de lucro,

e á difusión dos resultados da actividade do organismo de investigación subvencionado e á posta a disposición de todos dunha maneira indiscriminada, de forma que non se produce vantaxe económica para a entidade subvencionada.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- Publicidade**

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Comisión Fulbright consinte expresamente para que a Administración inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas. A reserva que puidesen facer no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade nos ditos rexistros, que en todo caso terán que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

As subvencións estarán sometidas á función interventora e control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

A aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e segundo o disposto nos artigos 3.1.b) e 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a información correspondente ao presente convenio se publicará na Base de Datos Nacional de Subvencións.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- Resolución de controversias**

O presente convenio réxese en canto á súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Lido polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asinan e rubrican por triplicado, no mesmo lugar e data que se indican ao inicio.

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia

María Jesús Lorenzana Somoza

Conselleira de Economía, Industria e Innovación e presidenta da Axencia Galega de Innovación da Xunta de Galicia

Santiago Herrero Amigo

Director de Relacións Culturais e Científicas da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación e copresidente da Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos, Comisión Fulbright

Jon Piechowski

Conselleiro de Diplomacia Pública da Embaixada dos Estados Unidos en España e copresidente da Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos, Comisión Fulbright.